

Alcaldía**Órganos de governo****Outros órganos****Corporación****Centros e servizos municipais****Ordenanzas municipais****Transparencia****Distincións****Identidade visual****Actualidade****Galerías**

Rubén Arroxo e Maite Ferreiro asisten á gala das Mestras e Mestres da Memoria 2021, que se celebrou no Vello Cárcere

[Escoitar](#)[Compartir](#)

A área de Cultura colabora coa organización desta gala, “unha das citas más importantes sobre a tradición oral de Galiza”, segundo declarou Maite Ferreiro.

A AELG premiou nesta edición a Teresa dos Cucos e a Aurelio Ramos Ogando.

 **Tema** [Cultura e Turismo](#), [Programación cultural](#), [Museos e exposicións](#), [Xestión cultural](#), [Educación](#), [Centros de ensino](#)

 **Venres, 29 de outubro de 2021** **Fonte:** Gabinete de Prensa

O Tenente Alcalde, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, asistiron esta tarde á gala das Mestras e Mestres da Memoria, organizada pola AELG coa colaboración da área de Cultura no Vello Cárcere. Maite Ferreiro afirmou que “esta cita é unha das más destacadas no eido da tradición oral galega e desde a área de Cultura continuamos a colaborar coa AELG para levala adiante”.

A AELG recoñeceu este ano como **Mestras e Mestre da Memoria 2021 respectivamente a Teresa dos Cucos e Aurelio Ramos Ogando**, polas súas achegas á mesma ao longo das súas vidas, contribuíndo así a manter viva unha parte fundamental da nosa memoria colectiva e o saber popular. Ana Acuña, Félix Castro Vicente, Carme Pernas Bermúdez, Carlos Solla, Xurxo Souto, X. Manuel Varela, Lois Pérez e Antonio Reigosa compuxeron o xurado, ao formar parte do grupo de traballo da sección de Tradición Oral da AELG.



MULTIMEDIA

